

O PSdeG de Bóveda recórdalle ó alcalde que “é unha competencia básica do Concello arranxar o problema da traída de auga”

Macía considera “inaceptable” que, despois de máis de catro meses obviando ás continuas advertencias dos socialistas sobre a gravidade da situación, rexeitando as súas propostas e “manténdose de brazos cruzados”, agora queira “lavar as mans responsabilizando á Deputación da súa ineptitude”

Os socialistas lamentan a “irresponsabilidade” do alcalde, que anunciou onte no pleno da Deputación, antes de informar ós veciños, que a auga non é potable, utilizando esta cuestión tan sensible “como arma política” para esixir medidas ó organismo provincial

O PSdeG de Bóveda recordoulle este mércores ó alcalde que “é competencia do Concello arranxar o problema da traída de auga municipal”, polo que lle esixiu que “non bote balóns fóra como fai sempre” e intente responsabilizar da súa “ineptitude” á Deputación de Lugo. A voceira socialista no Concello, Carme Macía, considera “inaceptable” que, despois de cinco meses facendo oídos xordos ás continuas advertencias que lle fixeron os socialistas sobre a gravidade da situación, rexeitando as súas propostas e “manténdose de brazos cruzados sen tomar ningunha medida para evitar que se chegase ao punto de que auga non sexa potable”, agora queira “lavar as mans reprochándolle ó goberno provincial que non debatese no pleno de onte unha moción de urxencia na que lle pedía, moi comodamente, que lle resolvese a papeleta”. A edil cualificou de “despropósito” esta idea do PP porque “a urxencia vímoslla advertindo nós ó alcalde desde hai meses e meses, e non fixo absolutamente nada”.

Advertencias e iniciativas do PSdeG desde hai meses

Macía subliñou que os socialistas levan desde o pasado mes de abril alertando do mal estado da auga da traída municipal, non só publicamente, senón pedindo de xeito reiterado que se fixeran estudos e análíticas. Asimesmo celebrouse, grazas á iniciativa socialista, un pleno extraordinario no que propuxeron a creación dunha comisión municipal de seguimento para buscar solucións a unha situación “que xa viamos que era moi grave”, e o alcalde rexeitouna. Desde o PSdeG pediron tamén que o Concello falase coa Confederación Hidrográfica para pedirlle explicacións, e tampouco o fixo; e esta mesma semana propuxeron que o alcalde non lles cobrase a taxa de auga ós veciños mentres o servizo non fose o adecuado, “e aceptou, fíxoa súa, pero sen nin sequera ter a dignidade de recoñecer que foi unha solicitude nosa”. Despois de todo isto, sinalou, “confírmase que tiñamos razón, e lamentablemente son os veciños os que teñen que sufrir a negligencia do alcalde”.

A decisión de José Manuel Arias de recorrer á Deputación para reclamar unha solución é froito “da súa desidia e incapacidade para resolver un problema que é de competencia municipal, pero tamén do total abandono ó que ten sometidos a Xunta ós Concellos. Non conta co apoio do Goberno de Feijóo e ten que recorrer á Deputación sabendo que é a única que lle pode axudar”, sinalou a concelleira socialista.



Nota de prensa



Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Neste mesmo sentido incidiu o voceiro provincial do PSdeG, Manuel Martínez, durante o pleno, explicando que “outros concellos tiveron este mesmo problema e resolvérono coa axuda da Xunta e da Confederación Hidrográfica. Se isto non se arranxou antes foi pola ineficacia do alcalde e pola falta de apoio de Feijóo, que parece que ten 14 millóns de euros para unha residencia privada en Bóveda, pero non para arranxar a traída de auga”.

A voceira de Bóveda insistiu así mesmo na “irresponsabilidade” do alcalde por anunciar onte no pleno da Deputación, antes de informar ós veciños, que a auga non é potable, utilizando esta cuestión tan sensible “como arma política” para esixir medidas ó organismo provincial.

Lugo, 25 de setembro de 2013